

EN LOS MÁRGENES

Juan Diego Botto, 2022

1017

ESTREA EN NUMAX: 07.10.2022 | V.O. | 103 min | +12

En los Márgenes é un filme sobre a familia, o amor e a solidariedade. A conta atrás de tres personaxes con tres historias entrelazadas que tratan de sobrevivir a 24 horas claves que poden cambiar para sempre o curso das súas vidas. O filme explora o efecto que unha situación de estrés económico ten sobre as relacións persoais e como o afecto e a solidariedade poden ser un motor para saír adiante. Unha emocionante viaxe a contrarreloxo nas marxes dunha gran cidade.

«Juan Diego Botto encontra a humanidade e a forza en cada un dos seus personaxes»,
Susanne Gottlieb, CINEUROPA



Entrevista con Juan Diego Botto: «Ogallá o filme provoque unha reflexión sobre os desafiuzamentos, que se converteron nalgo cotiá»

Por Alfonso Rivera

Antes de En los márgenes dirixiches un capítulo do filme colectivo ¡Hay motivo! (2004) e un episodio de Relatos con-fin-a-dos (2020). Esas experiencias déronche forzas para a túa primeira longa ou este debut sempre dá vertixe? Evidentemente dá vertixe, pero eu fixen o meu primeiro filme como actor con cinco anos e agora teño 47, así que levo 42 no oficio. Son moitos anos vendo directores, estando en set de rodaxe, aprendendo, absorbendo, tentando entender como é este oficio de contar historias. Obviamente non é o mesmo cando es ti quen toma as decisións. É unha inmensa responsabilidade cando tes que responder as preguntas, desde a cor dunha chaqueta ao tipo de movemento de cámara. No proceso de preparación o meu amigo e cineasta Raúl Arévalo díxome: "Cando estás moi metido nunha historia as respostas saen de seu".

Supoño que estar rodeado de amigos e familia dá seguridade pero como se mantén o sentido crítico ou a obxectividade cando hai tanto vínculo sentimental no equipo? Hai que estar á altura de poder dirixir a Penélope Cruz ou a Tosar. Eu vivín como unha enorme responsabilidade que dous actores da súa envergadura confiasen nun texto que tiñamos escrito e en min para dirixilo. Cando vin a montaxe final descubrín que o traballo dos intérpretes é moi bo. En canto ao material emocional que manexabamos, quixen que eles se involucrasen na historia e por iso trouxemos as persoas que coñeciamos ao escribir o guión e que tiñan sufrido un desafiuzamento. Sentámolas co equipo e pedímoslles que contasen as súas historias: cando remataron todo o mundo estaba a chorar e entenderon por que faciamos este filme.

Dalgún xeito queres que vendo En los márgenes o espectador sinta algo que ultimamente non aparece nos medios de comunicación? Coido que calquera filme debe funcionar como tal, á marxe de calquera vontade que poida ter: a arte debe funcionar como arte. A primeira obriga do cinema é non aburrir, manter o interese do espectador e a partir de aí podemos falar de segundas motivacións. Ogallá tamén o filme provoque unha reflexión sobre un aspecto da nosa realidade que semella esquecido, porque está cronificado: os desafiuzamentos convertéronse nalgo cotiá. Se o filme provoca esa mirada no espectador, benvido sexa.

Quizais sexa o personaxe de Luis Tosar o que se asemelle máis a ti. É verdade que moita xente se pode identificar con el por darse tanto aos demais ou pór tanto na súa carreira que se esquece da súa vida persoal. A min a viaxe dese personaxe co seu fillastro é do que máis me conmove do filme.

Na curtametraxe Una noche con Juan Diego Botto (Teresa Bellón, César F. Calvillo, 2018) bromeabas sobre o teu activismo. Non debe un tomarse a si mesmo en serio? Haise que tomar en serio pero non de máis. Cando un se involucra nalgo, haino que facer a morte, pero tamén saber rirse dun mesmo, dos seus acertos e fracasos. Quitando catro cousas na vida que teñen que ver co afecto e coidado dos teus seres queridos, todo o demais haino que tratar con perspectiva e rir dun mesmo é unha parte fundamental da vida en xeral e deste oficio en particular.